

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto deste contrato a contratación dos servizos de mediación, asistencia e asesoramento profesional preparatorio na adxudicación e formalización de contratos de seguros e reaseguros do Concello de Ames, así como a posterior asistencia ao tomador do seguro, ao asegurado e aos beneficiarios do seguro.

Estes servizos aplicaranse aos seguintes grupos de risco do Concello de Ames:

1. Riscos Patrimoniais – Incendios (continente e contido) de todos os bens inmobles e mobles que integran todo o seu patrimonio, así como os inmobles cedidos por calquera título a mesma.
2. Riscos derivados de Responsabilidade Civil en que poida incurrir, xa sexa en razón dos seus bens, pola súa actividade ou calquera outra circunstancia. Responsabilidade civil que incluírá a patronal, xeral e técnica.
3. Riscos persoais referidos a accidentes e vida do persoal ao servizo do Concello de Ames
4. Riscos procedentes do Parque móbil do Concello de Ames.
5. Outros riscos, derivados estes de actividades que de maneira puntual se desenvolven no concello.

A actividade de mediación é unha tarefa moi complexa. O contrato de seguros, o seu clausurado, as prestacións e os servizos que incorporan necesitan de persoal que esté moi preparado para levar a cabo o asesoramento que se necesite, tanto na fase precontractual como na xestión e execución do contrato do seguro, especialmente no caso da existencia dun sinistro.

A descrición e especificacións establécense no prego de cláusulas técnicas, incorporadas a este prego como parte integrante deste.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas formarán parte do contrato.

No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

A codificación correspondente para este servizo público segundo o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento 213/2008-CE, de 28 de novembro de 2007 é 66519310-7 (Servizos de asesoramento en materia de seguros).

2.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Este contrato cualifícase como de **servizos de carácter privado**, segundo os artigos 10 e 20 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, quedando sometido a dita Lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, en canto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no correspondente de prescricións técnicas.

A codificación correspondente para este servizo público segundo o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento 213/2008-CE, de 28 de novembro

de 2007 é o 66519310-7 Servizos de asesoramento en materia de seguros, Categoría 6 do anexo II do mesmo texto legal "Servizos financeiros: a) Servizos de Seguros".

Asemade, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas
- O documento no que se formalice o contrato
- Oferta que presenta o licitador, sempre que cumpra co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

Aos efectos do presente prego, tratase dun contrato que non se atopa suxeito a regulación harmonizada, a pesar de estar incluído dentro das categorías 1 ao 16 do TRLCSP non supera o valor estimado establecido no artigo 16.1.b) do TRLCSP

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición.

3.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

En virtude do decreto de delegación 480/2016 o órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Ames é a Xunta de Goberno Local.

tratase dun contrato que non se atopa suxeito a regulación harmonizada, O órgano de contratación ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto se diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

4.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración inicial do contrato será de **DOUS ANOS**, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prórrogas) cumprindo así co establecido no artigo 303 do TRLCSP.

O contrato dará comenzo o 7 de agosto de 2018.

A prórroga será obrigatoria para o contratista.

Excepcionalmente, poderase admitir unha execución forzosa do contrato, cando, unha vez extinguida a duración total do mesmo, non concluíse o procedemento para proceder a unha nova adxudicación. Esta execución forzosa acordarase polo órgano de contratación, e será obrigatoria para o empresario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes. Neste caso, as condicións do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da execución forzosa.

5.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, ao amparo do establecido nos artigos 157 ao 161 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en adiante TRLCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, atenderase a varios criterios, directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.3 do TRLCSP.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

6.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Este contrato **non supón custo económico** para o Concello, xa que non se aboará prezo algún á empresa mediadora adxudicataria, sendo esta retribuída pola/s entidade/s aseguradora/s coas que se formalicen as pólizas de seguros, que aboarán como prezo o resultado de aplicar ás primas netas dos seguros á porcentaxe ofertada pola empresa adxudicataria deste contrato.

En virtude do establecido no artigo 29 da Lei 26/2006 de 17 de xullo de Mediación de Seguros e reaseguros Privados *“as comisións da entidade mediadora servirán como retribución pola súa actividade prevista no contrato de mediación que subscriban co concello”*

O valor estimado fíxase só a efectos de establecer o valor do contrato para elixir o procedemento de adxudicación e a publicación a que debe someterse.

Para determinar o valor estimado do contrato tívose en conta a porcentaxe máxima (10%) sobre a prima estimada das pólizas obxecto dos servizos de mediación.

Prezo do contrato:

O prezo do contrato será o porcentaxe ofertado polo adxudicatario dentro de cada ramo ou sector do seguro, que permanecerá invariable durante a vixencia do presente contrato.

Relación de Seguros		
Ramo/Sector	Importe estimado	% máximo 10% sobre prima
Responsabilidade Civil	23.527,00 €	2.352,70 €
Danos Materiais	17.922,27 €	1.792,23 €
Responsabilidade Civil de vehículos a motor	13.233,61 €	1.323,36 €
Accidentes Colectivos	6.707,70 €	670,77 €
Outros	6.822,63 €	682,26 €
TOTAL	68.213,21 €	6.821,32 €

Tendo en conta a duración inicial do contrato o orzamento base de licitación ascende a **13.642,64 €uros**, exento IVE (Lei 37/1992, do 28 de setembro), o que fai un importe total de **13.642,64 €uros**.

Orzamento base licitación	Prorrogas	Modificación 20%	Valor estimado
13.642,64 €	13.642,64 €	2.728,53 €	30.013,81 €

Este contrato está exento de IVE en virtude do artigo 20 punto 16 da Lei 37/1992, do 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido.

O corredor de seguros non poderá percibir das entidades aseguradoras calquera outra retribución distinta a das comisións pola que se adxudique o contrato, que será abonada pola compañía aseguradora que resultase adxudicataria de cada ramo ou tipo de póliza de seguro. Estas comisións non poderán ser superiores aos porcentaxes que a continuación se detallan para cada ramo de seguro:

RAMO DO SEGURO	% DE COMISIÓN
Responsabilidade Civil	Máximo 10%
Danos Materiais	Máximo 10%
Accidentes Colectivos	Máximo 10%
Responsabilidade Civil de vehículos a motor	Máximo 10%
Outros	Máximo 10%

Polo tanto, nas licitacións relativas á contratación dos correspondentes seguros do Concello de Ames que se convoquen durante a vixencia deste contrato, incluírase o porcentaxe fixo de adxudicación de cada un dos grupos de riscos, resultante deste procedemento, ao obxecto de que as entidades aseguradoras que participen nos procesos de licitación futuros para a contratación dos seguros privados do Concello de Ames, o teñan en conta nas súas ofertas económicas.

7.- FINANCIAMENTO

Ao tratarse dun contrato que non supón custo algún para o concello a eficacia do contrato non queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do mesmo.

8.- REVISIÓN DE PREZOS

En canto á revisión de prezos establécese expresamente a improcedencia da revisión de prezos de acordo co disposto no artigo 89.1 do TRLCSP, posto en relación coa Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, respecto aos índices xerais dos contratos do Sector Público.

O contrato non sufrirá variación algunha durante a súa vixencia, nin sequera no caso de modificación das disposicións laborais que afecten a xornadas, seguridade social ou a remuneración do persoal empregado.

9.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

Non será esixible clasificación, de acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, debendo acreditar a súa solvencia de acordo co establecido na cláusula 10.3 do presente prego.

10.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1.- A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase (Art. 72 TRLCSP):

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:

a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade

administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

3.- A solvencia do empresario:

1) A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Declaración relativa á cifra anual de negocios do licitador ou candidato que, referido ao ano de maior volume de negocio do tres últimos concluídos, deberá ser polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano, e **polo menos unha vez e media o valor anual medio se a súa duración é superior a un ano.**

Para os efectos do indicado no apartado anterior, o valor medio anual e a solvencia esixida para cada un é:

ANUALIDADE MEDIA IVA EXCLUÍDO	SOLVENCIA ESIXIDA (1,5 VECES ANUALIDADE MEDIA)
6.821,32 €	10.231,98 €

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil.

b) O patrimonio neto segundo o balance correspondente ao último exercicio económico das contas anuais aprobadas deberá superar o 20 por 100 do importe.

O patrimonio neto do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas correspondentes ao último exercicio pechado e depositadas no Rexistro mercantil ou oficial que corresponda, se está vencido o prazo de presentación e atópanse depositadas; se non o estivesen, deben presentalas acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano de administración competente. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro mercantil deberán presentar os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro mercantil.

2) Criterios de selección relativos á solvencia técnica e profesional do empresario.

a) **Acreditación da condición de Corredor de Seguros** mediante Certificado do Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos previsto no artigo 27 da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de Mediación de Seguros e Reaseguros privados

b) **Relación dos principais servizos** realizados no últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

Esíxese que o **importe anual acumulado sen incluír impostos no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado, en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato.**

Para os efectos do indicado no apartado anterior, o valor medio anual do contrato e a solvencia esixida é:

ANUALIDADE MEDIA IVE EXCLUÍDO	SOLVENCIA ESIXIDA (70% ANUALIDADE MEDIA POR SER INFERIOR AO VALOR ESTIMADO DO CONTRATO)
6.821,32 €	4.774,92 €

A efectos de determinar a correspondencia entre os servizos executados polo empresario e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase á pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación duns e outros, e nos demais casos á igualdade entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV. A estes efectos, o código CPV do contrato é o 66519310-7, Servizos de asesoramento en materia de seguros.

Relación de servizos efectuados nos últimos TRES ANOS, acompañados de <u>certificados de boa execución ou no seu caso declaración do empresario.</u>				
Denominación e obxecto	Importe	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario	
			Público	Privado

11.- ADSCRICIÓN MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS

Ao marxe de acreditar a súa solvencia técnica polos medios anteriormente citados, de acordo co artigo 64.2 do TRLCSP, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente, e cuxa efectiva adscripción se considera obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.f) do TRLCSP.

A tal efecto deberá cumprimentar o Anexo III do presente prego e incluílo no Sobre A denominado "Documentación Administrativa" .

A substitución dos medios persoais, tanto os esixidos como mínimos como os ofertados ao longo da execución da prestación do servizo, será por persoal de análogo perfil profesional, e deberá ser aprobado polo responsable do contrato, e coñecido polo órgano de contratación.

12.- UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS

Poderase contratar con Unións Temporais de Empresas que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

13.- ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

Ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto ao que se refire o presente prego, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, e no Perfil do Contratante do Concello de Ames (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal www.concellodeames.gal, e dentro da mesma, no perfil do contratante do Concello de Ames, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 do TRLCSP.

14.- CONSULTA DOS PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

As persoas interesadas poderán consultar e obter unha copia dos pregos e demais documentación técnica no perfil do contratante do Concello de Ames: www.concellodeames.gal

15.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de

1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo de **quinze días naturais** que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP e no Perfil do Contratante do Concello de Ames (art. 159 do TRLCSP) en dous sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en sábado, domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día, consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concurrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urgente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego, vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvidade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego. Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse aos medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

16.- EMPRESAS PROPOÑENTES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

1.- Empresas/Entidades licitadoras.

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos que sexa esixible polo TRLCSP, para o caso de empresas españolas.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as Unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición; tampouco poderá subscribir ningunha proposta en Unión Temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha Unión Temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

2.- Documentación.

Cada licitador presentará **tres (3) SOBRES** pechados e asinados por él mesmo ou persoa que o represente, nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade participante, o título do procedemento licitatorio, que conterán: o primeiro, o SOBRE A, denominado "*Documentación administrativa*" esixida para tomar parte na licitación; o segundo será o SOBRE B, denominado "*Criterios non avaliábeis de forma automática. Referencias Técnicas*" e o terceiro será o SOBRE C denominado "*Criterios avaliábeis de forma automática*" axustándose ao modelo que se inclúe neste Prego (Anexo VI).

17.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES

1.- SOBRE A denominado "Documentación administrativa":

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "*Documentación xeral para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa varios criterios de adxudicación do Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados e, presentada por.....*" (Denominación social, CIF, persoa que o/a representa, DNI, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico de contacto)".

1) Declaración Responsable, consonte ao Anexo II subscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

2) Declaración Acreditativa que conteña os datos identificativos do licitador, na que se indicará o nome do representante, DNI, CIF da empresa, enderezo, nº de teléfono, nº de fax e correo electrónico do empresario e/ou do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

3) Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo, **consonte ao Anexo III.**

4) Declaración de porcentaxe de subcontratación para a prestación do servizo consonte **ao Anexo IV.**

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecida na cláusula 33 do presente prego (máximo 50%) axustado ao Anexo IV. Non entanto, de acordo co establecido na citada cláusula do presente prego, requirirá autorización previa do órgano competente.

5) Certificado sobre traballadores con discapacidade para a prestación do servizo consonte **ao Anexo V.**

O empresario/entidade, ao presentar a súa oferta dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

2.- SOBRE B denominado "Criterios non avaliados de forma automática. Referencias Técnicas"

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará "*Criterios non avaliados de forma automática. Referencias Técnicas para a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación do Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados, e, presentada por.....*"

O sobre conterá unha **Memoria explicativa** na que se explicará de forma clara e concisa os aspectos claves obxecto do contrato que aparecen no desglose da puntuación dentro dos criterios marcados polo PPT, cun límite máximo de 50 páxinas (25 folios).

Serán rexeitados aquelas memorias que superen dita extensión (50 páxinas).

Para o computo das 50 páxinas non se computará a portada e o índice.

Os licitadores deberán achegar **única e exclusivamente** a Memoria explicativa **asinada** en soporte informático (memoria USB).

Para a valoración das proposicións a Mesa poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos

3.- Sobre C denominado "Criterios avaliados de forma automática."

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará "*Criterios avaliados de forma automática para a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación*

do Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados, e, presentada por.....
“ (Denominación social, CIF, persoa que o/a representa, DNI, enderezo, teléfono, fax e correo electrónico de contacto)

O sobre conterá a oferta que os licitadores consideren axeitada para que lles sexa valorada de acordo cos criterios de valoración, segundo se reflicte na cláusula 20.5 dos presentes pregos así como no apartado 7 do cadro anexo, proposición que se fará conforme ao modelo que figura como Anexo VI deste prego

O licitador comprométese a manter a oferta por un prazo mínimo de tres meses, a contar dende a apertura das proposicións.

O empresario que licite en Unión Temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha Unión Temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por él subscritas (art. 145.3 TRLCSP).

Confidencialidade:

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

18.- DOCUMENTOS: Orixinais e Copias

1.-Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario do Concello ou polo funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

2.-Devolución da documentación.- A documentación presentada polas empresas/entidades que non resultasen adxudicatarias poderá ser retirada por estas unha vez transcorridos tres meses naturais contados dende o día seguinte á notificación da resolución da adxudicación definitiva ás persoas participantes e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración dispoñerá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

3.-Retirada ou destrución da documentación presentada.- Unha vez expirado o prazo para recorrer a adxudicación definitiva, toda a documentación das ofertas que non resulten adxudicatarias, a excepción do modelo da oferta económica, devolverase aos licitadores que o soliciten, sendo á súa costa os gastos de devolución que poida supoñer.

Transcorridos seis meses dende a adxudicación do contrato sen que proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para a súa posterior reciclaxe, a excepción dos documentos xustificativos, en caso de que se esixira, da garantía provisional que se conservaran para a súa entrega aos interesados.

19.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: Dadas as características particulares deste contrato, o importe anual das primas e que non supón custo ningún para o concello, o candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía definitiva do 5% do orzamento base de licitación, calculo efectuado sobre ao importe actual das primas dos seguros concertados.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, se é o caso, e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

20.- APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

1.-Cualificación dos documentos:

A composición da Mesa de Contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A súa composición publicárase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, con antelación á reunión que se celebre para a cualificación da documentación.

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato.

2.- Fases

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no art. 160 da TRLCSP.

3.- Procedemento de Apertura de Plicas e Ofertas

a) Apertura do Sobre A denominado “Documentación Administrativa”:

Constituída a Mesa de Contratación na data sinalada procederase á cualificación da documentación presentada polos licitadores segundo establece o artigo 146 do TRLCSP.

b) Apertura do “Sobre B” denominado “Criterios non avaliábles de forma automática. Referencias Técnicas.”

De acordo co previsto no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, a apertura do “Sobre B” (Criterios non avaliábles de forma automática. Referencias Técnicas) farase nun acto de carácter público, nun prazo **non superior aos sete días** dende a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 146 do TRLCSP, convocando aos licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres A” ,exclusivamente, cunha **antelación mínima de dous días** a través dun anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

A apertura celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados nos “Sobres A”, con indicación das proposicións admitidas, das rechazadas e da causa/s da non admisión destas últimas. As proposicións rexeitadas non darán lugar a apertura do Sobre B.

Antes da apertura da primeira proposición convidáraselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación procederase en acto público a apertura dos referidos “Sobres B”, e previa lectura do contido de cada un deles, posteriormente serán remitidos para a súa valoración polos servizos técnicos do concello que correspondan..

Recibido informe de valoración emitido polo departamento competente na materia fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura do “Sobre C” en acto público , convocando aos licitadores cunha antelación mínima de dous días, a través dun anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Ames.

c) Apertura do “Sobre C” denominado “Criterios avaliábles de forma automática”

A Mesa de Contratación procederá, en acto público, a apertura dos “Sobres C” (Criterios avaliábles de forma automática) daqueles licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres B”.

Celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos

presentados nos “Sobres B”, con indicación das proposicións admitidas, das rechazadas e da causa/s da non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rechazadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a Mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación, o secretario da Mesa procederá á apertura do “Sobre C” dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica. Concluída a apertura das proposicións, o presidente da Mesa invitará de novo aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

Posteriormente, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estimen pertinentes.

d) Defectos ou omisións subsanables:

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaráselle verbalmente e mediante fax ou correo electrónico ós interesados, e se anunciará polo órgano de contratación, concedéndose un prazo, **non superior a tres días hábiles**, para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación (Art.81.2 do RXLCAP).

e) Aclaracións e requirimentos de documentos:

Aos efectos establecidos no referente á solvencia económica e financeira, técnica ou clasificación e prohibicións para contratar, o Órgano e a Mesa de Contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados, ou requirirille para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprimentar no prazo de **cinco días hábiles**, sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas, conforme ó disposto no art. 22 do RXLCAP.

Do actuado conforme a esta cláusula deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse

4.- Rexeitamento de proposicións.-

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola Mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación do concurso que figuran no presente prego.

5.- Criterios de Valoración

a) Criterios avaliáveis de forma automática, máximo 50 puntos.

Outorgarase a mellor puntuación ao licitador que presente a **maior porcentaxe de**

baixa, o resto puntuarase de maneira proporcional.

Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Responsabilidade Civil</u> aos funcionarios e persoal municipal e voluntarios. As proposicións obterán 1,5 puntos para cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	15 puntos
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Danos Materiais</u> (continente e contido). As proposicións obterán 1,5 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máxima fixado (10%)	15 puntos
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Accidentes Colectivos</u> aos funcionarios e persoal municipal, voluntarios e protección civil. As proposicións obterán 0,9 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%)	9 puntos
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Vehículos do parque móbil municipal</u> . As proposicións obterán 0,9 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	9 puntos
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Outros seguros</u> . As proposicións obterán 0,20 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	2 puntos

b) Criterios non avaliados de forma automática, Referencias Técnicas, ata un máximo de 50 puntos.

Medios persoais e materiais postos a disposición da execución do contrato (máximo 30 puntos)	
a) Por persoal de apoio e coa cualificación suficiente na materia adscrito directamente aos servizos obxecto do contrato, esixíndoselle a presenza física nas dependencias do concello cando lle fose requirido.	10 puntos
b) Por proximidade dos medios materiais e persoais postos a disposición da execución do contrato, e que terán que estar directamente vinculados a xestión dos procedementos tramitados polo Concello de Ames, tendo unha maior relevancia aqueles con maior proximidade física ao Concello de Ames e a Provincia da Coruña os medios adscritos a este contrato	10 puntos
c) Pola posta a disposición do Concello de Ames dun programa de xestión de siniestralidade así como dos medios materiais e informáticos que faculen a posibilidade de xestionar os procedementos vía internet, valorándose a metodoloxía, tempo de resposta na atención, tramitación e seguimento dos sinistros en xeral.	10 puntos

Deseño dos plans de seguros obxecto do contrato. (máximo 10 puntos)	
Teranse en conta, dependendo da tipoloxía do seguro, a análise dos riscos asociados segundo as necesidades do concello e a metodoloxía de xestión integral e específica para os distintos tipos. Designarase ademais un responsable do contrato, que necesariamente deberá ter a titulación como corredor de seguros acreditada de maneira fidedigna	10 puntos

Melloras non previstas especificamente como obrigas do adxudicatario. (máximo 10 puntos)	
Estas melloras incidirán a mellor prestación dos servizos e referirase aos beneficiarios dos riscos cubertos ou a asistencia xurídica na elaboración de informes ou peritaxes técnicos, xurídicos, médicos e outras actuacións relacionadas con danos materiais e corporais que afecten aos riscos. Estas melloras cuantificaranse economicamente. A falta de cuantificación económica suporá a imposibilidade de avaliar este criterio.	10 puntos

6.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados (Baixa Temeraria).

Estarase ao disposto no TRLCSP e o criterio establecido para apreciar as ofertas anormais e/ou desproporcionadas será o fixado no artigo 85 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, darase audiencia ao licitador que a presentase para que no prazo de cinco días naturais xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as

solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a desenvolver a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A xustificación que efectúen os licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos, co fin de que emitan o correspondente informe.

Á documentación xustificativa do prezo anormal, o licitador deberá acompañar a xustificación de que os prezos ofertados respeten os dereitos laborais dos traballadores que se asignen á execución do mesmo, concretamente, no relativo a salarios, horarios e estabilidade laboral, debendo garantir a calidade da prestación a desenvolver, e que a mesma satisfaga os intereses xerais.

7.- Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP.

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán cumprimentar e presentar o Anexo V do presente prego.

8.- Renuncia

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente, faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía provisional ou no seu caso a definitiva, sen prexuízo da esixencia da indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP

A renuncia do licitador incurso en baixa temeraria, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa temeraria dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP.

21.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS POLO LICITADOR

1.- O Órgano de Contratación, conforme ó artigo 151 do TRLCSP, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

2.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **dez días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario/entidade:

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- Fotocopia da escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

No caso de asociacións bastará coa acta de constitución dos asociados. Tratándose de sociedades civís, acreditarase co contrato no que consten os acordos privados das partes.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas estranxeiras

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

A-8) Imposto de Actividades Económicas

O empresario/entidade adjudicatario deberá achegar fotocopia do último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdise aínda a obriga de pago. O alta deberá achegarse, en todo caso, cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación estará referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non darse de baixa na matrícula do citado Imposto.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial ou bastanteo de poderes polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a, para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

C) Acreditación da clasificación

Ao tratarse dun contrato de servizos, non se require clasificación.

D) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán:

1. - Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a 10.3. deste prego.
2. - Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a 10.3. deste prego.

E) Unións Temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adjudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

F) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación

G) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos aos que se refire o artigo 328 do TRCLSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Con todo, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e, en consecuencia, as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP nº 64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D), E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

H) Certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social

I) Certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado

M) Seguro de Responsabilidade Civil

Deberá achegarse unha copia do contrato de seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de seiscentos mil Euros (600.000 Euros), que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

N) Xustificante de ter constituída garantía definitiva

O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía definitiva do 5% do orzamento base de licitación, calculo efectuado sobre ao importe actual das primas dos seguros concertados.

O) Xustificante de ter aboado os gastos dos anuncios

22.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación será motivada e notificarase aos candidatos ou licitadores publicándose, ao mesmo tempo, no perfil do contratante.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme á lexislación aplicable un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre as que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no Perfil do Contratante indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

23.- PUBLICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato publicarase no Perfil do Contratante do Concello de Ames, e nos boletíns oficiais se é o caso, indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación, artigo 154 do TRLCSP.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato **non máis tarde dos 15 días hábiles** seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4 do TRLCSP.

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Con todo, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderán incluírse no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Serán de conta do adxudicatario/s, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento destes gastos que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva

do importe da garantía provisional que no seu caso se tivera esixido.

Se a causa da non formalización fose imputable á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

24.- PRAZO DE GARANTÍA

Dada as características da prestación do servizo establece un prazo de garantía de tres (3) meses.

25.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, e de ser o caso, doutros que se puidesen inserir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente, ata un máximo de 1.500 euros (IVE incluído), segundo o establecido no artigo 67 e 75 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

26.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co artigo 52 do TRLCSP o órgano de contratación designará a un responsable de contrato ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, así como reforzar o control do cumprimento deste e axilizar a solución das diversas incidencias que poidan xurdir durante a súa execución.

Ao amparo da Recomendación 1/2011 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia o responsable do contrato exercerá concretamente as seguintes funcións:

- a) Promover e convocar as reunións que resulten necesarias ao obxecto de solucionar calquera incidente na execución do obxecto do contrato nos termos que mellor conveña aos intereses públicos.
- b) Propoñer ao órgano de contratación a resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato, seguindo o procedemento establecido no art. 97 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos de Administracións Públicas.
- c) Propoñer a imposición de penalidades por incumprimento de funcións do adxudicatario.
- d) Propoñer, de ser o caso, a prórroga do contrato.
- e) Propoñer o exercicio das prerrogativas contidas no art. 210 do TRLCSP
- f) Establecer as directrices oportunas en cada caso, podendo requirir ao adxudicatario, en calquera momento, a información que precise acerca do estado de execución do obxecto do contrato, das obrigas do adxudicatario, e do cumprimento dos prazos e actuacións.
- g) Asistir aos actos de recepción e subscribir a/s acta/s de recepción (ou documento que acredite a conformidade ou desconformidade no cumprimento), e de ser o caso dar ou non a conformidade coas facturas presentadas.
- h) Dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoña unha modificación do obxecto do contrato nin se opoña ás disposicións en vigor ou ás derivadas dos pregos e demais documentos contractuais.
- i) Inspeccionar e ser informado, cando o solicite, do proceso de realización ou elaboración do servizo que haxa de ser entregado, ou se estea a prestar.

27.- MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O contrato poderá modificarse, tanto a alza como a baixa ata un 20% do prezo do contrato, cando se dean algunhas destas circunstancias:

- Formalización de novas pólizas
- Baixa de pólizas xa existentes.
- Incremento ou diminución das primas a abonar.

As modificacións do contrato polas causas previstas nos pregos tramitaranse consonte ao procedemento descrito nos arts. 108 e 211 TRLCSP.

Cando a modificación do contrato implique aumento do seu prezo, o contratista está obrigado a reaxustar o importe da garantía definitiva prestada. A nova garantía deberá constituírse no prazo máximo de quince (15) días naturais a contar dende a notificación do acordo de modificación e, en caso de incumprimento, poderá resolverse o contrato.

Aínda que a modificación non estivese prevista no presente prego, este tamén poderá modificarse cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 107 do TRLCSP, e con suxeición aos límites establecidos en dito artigo e no artigo 105 desta lei

Son obrigas para o contratista as modificacións contractuais acordadas de conformidade co establecido no art. 219 e no título V do libro I TRLCSP e co previsto nesta cláusula.

28.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

1.- Executar as prestacións obxecto do contrato nos termos sinalados nos Pregos e nos que se deriven da súa oferta en todo o que non estea en contradición con aqueles, dentro do prazo fixado e con suxeición aos prazos parciais que resulten do contrato, debendo dispor dos medios persoais e materiais necesarios para a execución, a subsanación de aqueles traballos recusados por defectuosos ou incorrectos e a resolución de calquera incidencia que poida producirse.

2.- O contratista deberá contar cos medios materiais e organizativos suficientes para a realización do obxecto do contrato garantindo a calidade e continuidade dos servizos contratados e velando, cos seus propios medios pola correcta execución dos traballos, tentando atender calquera petición e dar resposta ás necesidades urxentes que poidan ser presentadas polos servizos técnicos municipais.

3.- Executar o contrato a risco e ventura do adxudicatario (art. 215 TRLCSP).

4.- Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios independentes do mesmo a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma, dentro dos límites sinalados nas leis (art. 214 TRLCSP)

5.- Responsabilizarse igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executarase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

6.- Cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

7.- Cumprir a normativa de prevención de Riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

8.- A responsabilizarse da calidade técnica das prestacións e servizos desenvolvidos, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por erros ou omisións, ou métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do mesmo.

9.- O contratista asume, ao remate do contrato, o compromiso de continuar coa prestación dos servizos ata que o contrato sexa adjudicado a outro empresario, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación. A administración comprométese ao pagamento e mantemento do equilibrio económico do contrato durante o tempo que dure a situación anteriormente descrita.

10.- Procurará a continuidade do persoal destinado á prestación do servizos evitando as substitucións e remprazos do mesmo, co obxecto de non interferir na adecuada execución do contrato. A mobilidade por parte do adxudicatario do persoal destinado á execución do contrato requirirá previa comunicación ao Concello.

11.- Será responsabilidade do contratista organizar o servizo de maneira que se garante a prestación íntegra das prestacións contratadas, e a vez os dereitos socio laborais dos seus traballadores, sen que o Concello interfira nas decisións que adopte para cada traballador mais ala de asegurarse que en todo momento dispón dos efectivos comprometidos e da correcta execución de todas as prestacións contratadas.

12.- Designar a unha persoa da empresa como Coordinador/Responsable do servizo ante este Concello da execución do servizo, a cal deberá estar accesible, como mínimo para a coordinación municipal durante todo o horario de prestación do servizo.

13.- Observar, tanto a empresa como os traballadores, unha correcta conduta co persoal municipal, cas persoas relacionadas con tales instalacións (usuarios, etc..), cos responsables dos servizos municipais, así como con quen desempeñe a inspección técnica encargada da supervisión da execución do servizo.

14.- Dispor dunha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil cunha cobertura mínima de seiscentos mil €uros (600.000 €uros)

29.- OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS

Establécense como obrigas contractuais esenciais en base ao artigo 223.f) do TRLCSP, as establecidas no Prego de Prescricións Técnicas.

30.- DEREITOS DO ADXUDICATARIO

- 1. -** Dereito ao aboamento do servizo nos termos indicados no artigo 216 do TRLCSP.
- 2. -** Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da dita suspensión, nos termos establecidos no TRLCSP.
- 3. -** Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a oito meses.
- 4. -** Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

31.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

32.- RÉXIME DE PENALIDADES

En virtude do establecido no artigo 212.1 do TRLCSP no caso de execución defectuosa do servizo o contratista estará obrigado a súa correcta execución e terá una penalización do 10% do custe do servizo.

33.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais dos supostos de cumprimento, o contrato extinguirse pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 do TRLCSP.

A extinción dos contratos de servizos, non poderá en ningún caso a consolidación das persoas que desenvolvan os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante (art. 301.4 TRLCSP)

34.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS.

Cesión de contrato

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro, sempre que se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente

Subcontratación

Neste contrato non existe a posibilidade de subcontratación.

35.- PAGAMENTO

Pola prestación dos servizos de asesoramento profesional preparatorios para a formalización dos contratos de seguros, así como os servizos de seguimento, mediación, administración e asistencia na execución dos contratos de seguros, o adxudicatario deste contrato, de acordo co uso e práctica do mercado e coa lexislación aplicable será retribuído pola entidade Aseguradora que sexa a resultante adxudicataria dos respectivos contratos, mediante o pago das comisións ofertadas na licitación con cargo ás primas netas, entendéndose por prima neta a prima total menos os impostos, recargos e taxas do Consorcio de Compensación de Seguros.

36.- PERSOAL

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a execución do contrato.

O persoal da empresa/entidade adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcional ou de natureza análoga respecto ao Concello, debendo dita empresa/entidade ter debidamente informado ao persoal de dito extremo. Ao termo da adxudicación non se producirá traspaso do persoal polo feito de asumir o Concello directamente a prestación do servizo ou adxudicalo a outra empresa/entidade.

O concello poderá, en calquera momento, inspeccionar o servizo prestado e en concreto, recabar información sobre a adecuación do persoal e que efectivamente preste o servizo e, no caso de desconformidade, proceder de acordo co establecido neste prego ou sancionar ou resolver o contrato.

37.- LEXISLACIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL

1. - O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social.

2. - Obrigas laborais e sociais. - O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. Incumbe especificamente ao empresario o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, a substituír ao persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

38.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

39.- RESPONSABILIDADE. DANOS

1. - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausurado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das

consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

2. - A empresa adjudicataria deberá subscribir e ter vixente durante toda a vida do contrato un seguro de responsabilidade civil xeneral por importe mínimo de seiscientos mil €uros mínimo. A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

40.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

Corresponde aos técnicos municipais a facultade de inspeccionar e vixiar o correcto cumprimento do contrato.

Así mesmo os ditos técnicos poderán dirixir instrucións ao contratista para o axeitado cumprimento do contrato.

41.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o cumprimento
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso, darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

42.- CUSTODIA E CONSERVACIÓN

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega nin información a terceiras persoas, se non é coa expresa autorización do director, ou, de ser o caso, do órgano de contratación.

43.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Todos os estudos e documentos elaborados en execución do contrato serán propiedade do Concello, que poderá reproducilos, publicalos e divulgalos total ou parcialmente sen que poida opoñerse a iso o adjudicatario autor dos traballos.

O adjudicatario non poderá facer ningún uso ou divulgación dos estudos e documentos elaborados con motivo da execución deste contrato, ben sexa en forma total ou parcial, directa ou extractada, sen autorización expresa do órgano de contratación.

44.- CONFIDENCIALIDADE

A empresa/entidade adjudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato

deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa/entidade adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estalo durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar ao seu persoal das obrigas que dimanan do establecido nestas normas.

45.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A garantía non se devolverá ou cancelará ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista (artigo 102 do TRLCPS).

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou cancelarse aval ou seguro de caución.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do contrato. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade adecuada incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data de devolución da garantía, se esta non se fixese efectiva por causa imputable á Administración.

46.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

O presente contrato ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas contidas no presente prego, e no prego de prescricións técnicas.

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato administrativo, ademais das súas prescricións, será a seguinte:

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público

O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP)

A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.

A Lei estatal 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.

Lei 26/2006, de 17 de xullo, de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e a normativa sectorial específica á que estes se remitan por razón da materia en cada caso.

Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da corporación

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente para resolver as cuestións litixiosas relativas a preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos. Igualmente corresponderá a esta orde xurisdiccional o coñecemento das cuestións que se susciten en relación ca preparación e adxudicación dos contratos privados das Administracións Públicas. Tamén coñecerá dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten polos órganos de resolución de recursos previstos no artigo 41 deste Lei.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que se orixinen entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos privados.

ANEXO I	
CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO	
1.- Obxecto:	<i>Contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa varios criterios de adxudicación do "Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados"</i>
2.- Orzamento base de licitación	<p>Este contrato non supón custo económico para o Concello. Para o cálculo do valor estimado do contrato tívose en conta o custo das primas dos seguros actualmente en vigor no concello.</p> <p>Tendo en conta a duración inicial do contrato o orzamento base de licitación ascende a 136.426,42 Euros, exento IVE (Lei 37/1992, do 28 de setembro), o que fai un importe total de 136.426,42 Euros.</p> <p>En canto ao valor estimado do contrato este ascende a 286.495,48 €.</p>
3.- Duración do Contrato	<p>A duración inicial do contrato será de DOUS anos, podendo prorrogarse anualmente ata un máximo de CATRO anos, incluída duración inicial e prórrogas (artigo 303 do TRLCSP).</p> <p>As prórrogas son obrigatorias para o contratista.</p>
4.- Revisión de prezos	Neste contrato non haberá revisión de prezos.
5.- Consulta de pregos	Servizo de contratación e páxina web do concello: www.concellodeames.gal (perfil do contratante).
6.- Lugar de presentación de proposicións	En el Registro General del Ayuntamiento de Ames, con domicilio en la Praza do Concello s/n. Bertamiráns 15.220 AMES (A CORUÑA) Teléfono: 981883002, en un plazo que no será inferior a cincuenta y dos días, contados desde la fecha del envío del anuncio del contrato a la Comisión Europea.
7.- Criterios de Adxudicación:	Ver cláusula 20.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
8.- Garantía provisional:	Non se esixe.
9.- Garantía definitiva	O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía definitiva do 5% do orzamento base de licitación, calculo efectuado sobre ao importe actual das primas dos seguros concertados.
10.- Mesa de contratación:	<p>A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio.</p> <p>A súa composición publicárase posteriormente no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima con respecto á reunión que se celebre para a cualificación da documentación.</p>
11.- Prazo de garantía	Dada as características da prestación do servizo prevese un prazo de garantía de tres (3) meses.
12.- Posibilidade de modificación	O contrato poderá modificarse ata un 20% do seu prezo
13.- Fondos Europeos	Non se financia con fondos europeos

ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A
DECLARACIÓN RESPONSABLE PREVIA AO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN
ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN
CONFORME AO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado *SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS*" (ou actuando en nome propio).

DECLARA:

1. O fiel cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, conforme esixe o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) nos termos e condicións previstos no mesmo.
2. Non estar incurso ((e/ou a empresa á que representa, os seus administradores ou representantes) en ningunha das prohibicións e incompatibilidades para contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSPP, nos termos e condicións previstos no mesmo.
3. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, que no caso de resultar adxudicatario deberá achegar certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social e certificado de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias.
4. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do Concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSPP

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO III
COMPROMISO DE DEDICACIÓN OU ADSCRICIÓN Á EXECUCIÓN DO
CONTRATO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS
PRIVADOS

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado do *SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS* ou actuando en nome propio).

CERTIFICA que as prestacións que constitúen o obxecto do contrato están comprometidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade da empresa _____, segundo resulta dos seus estatutos ou regras fundacionais. Así mesmo, manifesta o COMPROMISO de adscribir á execución de dito contrato aos medios persoais ou materiais suficientes para cumprir o Prego de Prescricións Técnicas nos seus xustos termos.

E para que así conste, aos efectos de participación na licitación para a adxudicación do contrato de "*Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados*", e de acordo co disposto nos artigos 57.1 e 64.2 do TRLCSP.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO IV
DECLARACIÓN DE PORCENTAJE DE SUBCONTRATACIÓN

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado do **SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS** (ou actuando en nome propio).

Declara que a porcentaxe de subcontratación para a prestación deste servizo denominado *Servizo de Asesoramento e Mediación de Seguros Privados* será o seguinte:
_____ % (indicarse só a %, non o importe).

As ofertas que excedan do máximo establecido no cadro de características serán excluídas.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO V
CERTIFICADO SOBRE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado do **SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS** (ou actuando en nome propio).

CERTIFICA:

1) Que o número **global de traballadores** de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____ %.

2) Que a porcentaxe de **traballadores fixos** con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

Anexo VI.- CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA

"D/D^a..... con DNI e domicilio en actuando en nome e representación da empresa/entidade..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do **SERVIZO DE ASESORAMENTO E MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS** (ou actuando en nome propio), fai constar que coñece e acepta as condicións fixadas no Prego de Cláusulas aprobadas polo Alcalde-Presidente.

1) 1) Criterios avaliados de forma automática.

RAMO/SECTOR	% Máximo de Baixa
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Responsabilidade Civil</u> aos funcionarios e persoal municipal e voluntarios. As proposicións obterán 1,5 puntos para cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Danos Materiais</u> (contínente e contido). As proposicións obterán 1,5 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%)	
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Accidentes</u> aos funcionarios e persoal municipal, voluntarios e protección civil. As proposicións obterán 0,9 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%)	
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Vehículos do parque móbil municipal</u> . As proposicións obterán 0,9 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	
Redución da comisión sobre prima neta na <u>Póliza de Outros seguros</u> . As proposicións obterán 0,20 puntos por cada punto porcentual de rebaixa sobre o máximo fixado (10%).	

2) Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas deste contrato

3) Fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

- a) _____ Non concorre con empresas vinculadas
 b) _____ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
 Denominación:
 CIF:

(Lugar, data e sinatura do proponente)